


14 de marzo de 2010. Este 14 de marzo celébrase o **Día Mundial de Acción contra os Encoros** . No 1997 en Curitiba, Brasil, durante o I Encontro Internacional de Afectados/as polas Barraxes, acordouse que este día serviría para denunciar os aproveitamentos destrutivos da auga, resgatar a saúde das nosas bacías e esixir a xestión sustentábel dos ríos. ADEGA volta a reclamar a **demolición** das infraestruturas hidráulicas máis agresivas nos ríos do noso país, en cumprimento da **Directiva Marco da Auga** e da **Lei de Defensa dos Ríos Galegos**, esquecida nun caixón dende 2006. Casos como o encoro do Umia en Caldas ou o da Capela no Eume, alén da "trama das minicentrais" investigada pola Fiscalía, son perfectos exemplos da **prepotencia e corrupción** xerada arredor destas infraestruturas.



Agora, co Plano Sectorial Hidroeléctrico en revisión polo actual governo, paira novamente a ameaza de máis **minicentrais** nos nosos ríos. Vai sendo hora xa de poñer punto final a esta

política e, como recomenda a propia Directiva Marco, mesmo **de moler instalacións** obsoletas e agresivas que comprometen a boa conservación dos nosos ríos.

Un símbolo destes proxectos agresivos, cuxa tramitación pode considerarse como exemplo da **chafallada** e a **corrupción** imperante no sector, é o encoro do Umia en Caldas de Reis.

O proxecto do encoro do Umia naceu xa cun feixe de **irregularidades** e **ilegalidades** cometidas polos responsábeis políticos de entón.
Eis algunhas razóns polas que nunca se debeu construir:

-O **Estudo de Impacto Ambiental** era copia literal doutro proxecto de Andalucía. Nin se molestaran en cambiar o nome dos pobos (Puebla de Guzmán en vez de Caldas de Reis) nin das especies animais (meloncillo, buitre negro…). Semellante despropósito fora asinado polo daquela Presidente de Augas de Galiza, **Agustín Hernández**, hoxe conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

-O **obxectivo** da presa estaba **falseado**: abastecer de auga ao Salnés supoñendo que ía a multiplicarse varias veces a poboación actual. -A motivación de **urxencia** era **ilegal** e asi o declarou tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, como o Tribunal Supremo en sucesivas sentenzas.

A realidade, por desgraza, dounos a razón.
O encoro non resolveu ningún problema:

-O do **abastecemento** porque non existía (de feito non está conectado a ningunha rede de abastecemento).

